XUNTA DE GALICIA | IES REGO DE TRABE
Avd Rutis sn
15174 Culleredo (A Coruña)
Teléfono: 881960813
Correo electrónico: ies.regodetrabe@edu.xunta.es
http//https://www.edu.xunta.gal/centros/iesregodetrabe/
REGO DE TRABE

Estimado/a Pai/Nai ou Titor/a legal:
Comunícolle que é preciso a súa AUTORIZACIÓN ou NON AUTORIZACIÓN para a seguinte Actividade:

| | | |
|---|---|---|
| Nome da actividade: | **REALIZACIÓN DE DÚAS ETAPAS DO CAMIÑO DE SANTIAGO** | |
| Lugar: | **ARZÚA-PEDROUZO e PEDROUZO-SANTIAGO** | |
| Hora de saída-regreso: | **Saída**: Martes 10 ás 09:00<br>**Regreso**: Mércores 11 ás 19:30 h aprox. | **Data**: MARTES 10 e MÉRCORES 11 de Outubro de 2023 |

| | |
|---|---|
| Departamento organizador: **AA.EE.CC. IES REGO DE TRABE** | Cursos: **1º ESO** |
| Descrición: | Como excursión-convivencia do alumnado de 1ºESO que inicia unha nova etapa, nun novo centro e con compañeiros/as novos/as, propoñemos unha excursión para coñecernos mellor. Trataríase de realizar as dúas últimas etapas do Camiño de Santiago (Camiño Francés).<br>Saímos o **martes, 10 de outubro**, sobre ás 09:00 horas en autobús ata Arzúa.<br>**O primeiro día realizaríamos a etapa Arzúa-Pedrouzo, de 19 km**. de percorrido, onde nos aloxaremos nun albergue de pelegríns en Pedrouzo. Ese primeiro día, deberán traer o xantar de casa e pola noite cearemos nun restaurante de Pedrouzo (nome do restaurante KM 19).<br>**O mércores, 11 de outubro, realizaremos a etapa Pedrouzo- Santiago, de 18 Km.** O almorzo será no mesmo restaurante en Pedrouzo e o alumnado recibirá unha bolsa para o xantar (no Monte do Gozo). Dende Santiago voltaremos nun autobús, para chegar sobre ás 19:30 horas ao instituto.<br>Agradaríanos que acudise todo o alumnado. A lonxitude das etapas non é excesiva e a intención non é afrontalas dun xeito "deportivo" senón permitindo participar a todo o alumnado.<br>**Sería recomendable levar o seguinte material:**<br>- Calzado cómodo (xa usado, para evitar rozaduras) e calcetíns axeitados.<br>- Chanclas, toalla e aseo personal (o necesario)<br>- Chuvasqueiro, preferiblemente tipo poncho.<br>- Roupa cómoda para camiñar e durmir.<br>- Mochila apta para camiñar con ela (non bolsas de deporte).<br>- Non é necesario o saco de durmir, xa que terán sábanas limpas e mantas no albergue. |

| | |
|---|---|
| Observacións: | **O ALUMNADO NON PODE LEVAR MÓBIL**<br>**As familias poden seguir a actividade a través das publicacións na WEB do centro** |

| | |
|---|---|
| Pagamento: | **55 euros ,** prezo que cubre os traxectos en autobús, a cea do martes (con dous pratos e postre) o prezo do albergue, o almorzo da mañá do mércores xunto cunha bolsa (tipo picnic) para o xantar<br>**TRANSFERENCIA BANCARIA**: **DATA LÍMITE 14 DE SETEMBRO**<br>**CONCEPTO: NOMBRE, APELIDOS e GRUPO DO/A ALUMNO/A**<br>ES42 0049 2970 8122 1401 9011 ( Banco Santander )<br>**ENTREGAR RESGUARDO DE TRANSFERENCIA E AUTORIZACIÓN A TITOR/A ou en VICEDIRECCIÓN** |

**Aqueles alumnos/as que non asistan á actividade terán clase coma de costume.**
D./Dª ........................................................................................................... **AUTORIZO** ao /á alumno/a: ........................................................................................... do curso ...... e grupo ....... , para asistir á actividade descrita; do mesmo xeito, asumo calquera responsabilidade que se poida derivar de danos ou mal comportamento do/a alumno/a.

D./Dª .................................................................................................. **NON AUTORIZO** ao/á alumno/a: ........................................................................................ do curso ...... e grupo ....... , para asistir á actividade proposta.

Culleredo, 7 de setembro de 2023

Asdo.: Pai / Nai ou Titor legal. (táchese o que non proceda)